



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez

Lugar A BARQUIÑA

15210 Barro (Santa Cristina)

☎ 881866828 📠 881866829

ceip.alexandre.cadarso@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipalexandrecadarso/>

galicia

Orde 25 de xaneiro de 2022. Actualización normativa da avaliación.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

AVALIACIÓN

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Artigo 5. Avaliación

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Artigo 6. Promoción

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

NIVEL	PROMOCIÓN		CRITERIOS DE PROMOCIÓN
1ºEP	<p>Promoción automática</p> <p>O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.</p>		Promoción automática
2ºEP	<p>Ao finalizar o curso, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción tendo en conta os criterios de promoción e tendo en especial consideración a consideración do/a titor/a .</p>	<p>O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.</p> <p>O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforz.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica e comunica sentimentos e emocións básicos, mostrando respecto e empatía cara os demais. - Identifica e describe as organizacións e relacións sociais básicas da súa contorna máis próxima e aplica as normas de convivencia nas mesmas. - Identifica e respecta as diferenzas entre persoas. - Comprende e expresa oralmente textos de diferente tipoloxía cunha estrutura e

			<p>vocabulario axeitados á súa idade, mostrando respecto polas intervencións e opinións alleas.</p> <ul style="list-style-type: none">- Comprende de forma escrita textos breves con vocabulario axeitado á súa idade.- Expresa de forma escrita frases ou breves textos con vocabulario axeitado á súa idade.- Identifica as principais partes do corpo humano, as súas funcións e os hábitos básicos de coidado corporal.- Identifica, describe e clasifica animais e plantas atendendo ás súas características principais.- Le, escribe e ordena números naturais dende o 0 ata o 100 e as centenas completas ata o 900, identificando o valor das cifras en función da súa posición.- Resolve problemas matemáticos sinxelos empregando as operacións de suma, resta e inicio da multiplicación.
--	--	--	---

			<p>- Recoñece e emprega os conceptos temporais básicos.</p> <p>EF 2ºPRIMARIA :</p> <ul style="list-style-type: none">• Axusta os movementos corporais a diferentes cambios das condicións dunha actividade concreta.• Desprázase, en calquer tipo de xogo, mediante carreira coordinada.• Lanza cunha man un obxecto realizando os movementos axeitados para collelo ou golpealo e realizando un xesto coordinado.• Bota pelotas de xeito coordinado.• É notable o incremento global das capacidades físicas básicas de acordo co momento de desenvolvemento motor.• Emprega os recursos expresivos do corpo para cominucar ideas e sentimentos e representar personaxes ou historias imaxinarias.• Sinala algunhas das relación que se establecen entre a práctica habitual do exercicio físico e a mellora da saúde.• Colabora activamente no desenvolvemento das actividades individuais e grupais.• Respecta as normas establecidas nos xogos, recoñecendo a súa necesidade para unha correcta organización e desenvolvemento dos mesmos.• É coidadoso co material de aula e cumpre coas pautas de hixiene persoal.
--	--	--	---

INGLÉS 2º PRIMARIA

- Comprende o sentido xeral de textos orais sinxelos e curtos.
- Produce textos moi simples para interactuar e dar información de si mesmo.
- Identifica as ideas principais dun texto escrito ou relato curto.
- Reproduce vocabulario e textos moi breves e simples.
- Amonesta interese cara a lingua e os seus aspectos culturais e participa activamente nas diferentes manifestacións comunicativas.
- Mostra unha actitude de respecto ante a participación dos compañeiros e compañeiras así como do docente.

MÚSICA 2º PRIMARIA

- **Interpretación vocal**

- Sabe cantar de memoria a estrofa e o refro respectando o pulso e entoando adecuadamente.

- **Interpretación instrumental**

- Toca as figuras que coñece (branca, negra, corchea, semicorchea e os seus silencios) relacionándoas con distintas alturas en PAI e PAD e co propio corpo.

			<p>Sons fortes e suaves, longos e curtos, agudos e graves</p> <ul style="list-style-type: none">• Identifica e clasifica correctamente os sons propostos, diferenciando claramente a ditado o agudo e grave (8ª) incluíndo figuras en dito ditado.• Diferenza e sabe as escalas ascendentes e descendentes. <p>Identificar instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none">• Coñece as 3 principais familias, nomea e clasifica os instrumentos máis recoñecibles en vento, corda e percusión <p>Grafía musical</p> <ul style="list-style-type: none">• Emitir con sílabas rítmicas e escribir a ditado correctamente a figura da branca, negra, a corchea, semicorchea e os seus silencios, distinguindo compás binario e ternario. <p>Audicións</p> <ul style="list-style-type: none">• escoitar atenta e activamente participando nas tarefas propostas, chegando a recoñecer as cancións e obras traballadas.
--	--	--	--

			<p>Movement e danza:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participar activamente na actividade respectando aos compañeiros /as e realizando correctamente os pasos dos bailes e danzas traballado <p>TIC</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñece, investiga e utiliza diferentes aplicacións para mellorar os ámbitos musicais traballados
3ºEP	<p>Promoción automática</p> <p>O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.</p>		Promoción automática
4ºEP	<p>Ao finalizar o curso, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre la promoción tendo en conta os criterios de promoción e tendo en</p>	<p>O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.</p>	<p>1. Comprende textos orais e escritos de distintos tipos adaptados ao nivel en galego e castelán.</p> <p>2. Elabora textos orais e escritos de xeito coherente e cohesionado, empregando o vocabulario traballado; e preséntaos con claridade, orde e limpeza, tanto en galego coma en castelán.</p> <p>3. Participa de forma activa nas diversas situacións comunicativas, achegando ideas e solucións.</p>

	<p>especial consideración a consideración do/a titor/a .</p>	<p>O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzón.</p>	<p>4. Obtén información buscando en diferentes medios (tecnolóxicos e escritos).</p> <p>5. Le textos adaptados á súa idade, con certa fluidez.</p> <p>6. Coñece os principais conceptos gramaticais: a oración e os seus tipos; suxeito e predicado; o substantivo e os seus tipos; o adxectivo e os seus graos; conectores; os determinantes e as súas clases; os pronomes; o verbo: tempo, modo, formas impersonais e conxugación verbais; preposicións, conxuncións e adverbios.</p> <p>7. Coñece e usa as principais regras ortográficas: sílabas; ditongos e hiatos; acentuación de palabras agudas, graves e esdrúxulas e os principais signos de puntuación.</p> <p>8. Manexa os números ata o millón.</p> <p>9. Realiza operacións de suma, resta, multiplicación e división.</p> <p>10. Resolve problemas empregando as catro operacións básicas.</p> <p>11. Manexa e opera con fraccións e números decimais.</p> <p>12. Utiliza axeitadamente as principais moedas e billetes.</p>
--	--	--	--

			<p>13. Sabe utilizar as principais unidades e instrumentos de medida do tempo</p> <p>14. Aplica as principais medidas de lonxitude, capacidade e peso.</p> <p>15. Coñece o sistema solar, as partes da Terra, identifica os movementos da Terra e da Lúa, manexa distintos tipos de representación da Terra.</p> <p>16. Coñece os climas de Galicia, España e o mundo.</p> <p>17. Identifica os tres estados da auga e comprende a importancia desta.</p> <p>18. Coñece as principais formas de relevo e ríos de Galicia e España.</p> <p>19. Coñece o sistema sociopolítico de España, a democracia e a monarquía.</p> <p>20. Distingue os distintos elementos da organización territorial de España, os concellos e as comunidades autónomas.</p> <p>21. Nomea diferentes feitos ocorridos na prehistoria e historia de España.</p> <p>21. Identifica e adopta hábitos de hixiene, descanso e alimentación.</p> <p>22. Coñece os distintos aparellos e órganos que interveñen na realización das funcións vitais e o seu funcionamento.</p>
--	--	--	---

			<p>23. Coñece a clasificación os animais.</p> <p>24. Recoñece as características básicas e clasifica as plantas da contorna.</p> <p>25. Distingue entre seres vivos e inertes.</p> <p>26. Establece a relación entre os seres vivos e o medio, comprendendo o funcionamento dos ecosistemas.</p> <p>27. Experimenta coa materia e coñece as súas propiedades.</p> <p>28. Recoñece a actuación da enerxía nos cambios da vida cotiá.</p> <p>29. Coñece os distintos tipos de máquinas e é consciente dos riscos no seu emprego.</p> <p>30. Utiliza distintas técnicas, instrumentos e materiais nas súas representacións plásticas, organizando e planificando o proceso creativo con orde, limpeza e de xeito responsable.</p> <p>31. Afonda no autocoñecemento e desenvolve o autoconcepto.</p> <p>32. Potencia a capacidade de iniciativa e desenvolve a autonomía persoal e o compromiso.</p> <p>33. Mantén unha actitude construtiva de cooperación e respecto polas normas que favoreza a convivencia pacífica e a resolución de conflitos.</p>
--	--	--	--

			<p>EF 4º PRIMARIA:</p> <ul style="list-style-type: none">• Axusta os movementos corporais a diferentes cambios das condicións dunha actividade, tales como duración e espazo onde se realiza.• Salta coordinadamente cunha ou ambas pernas.• Desprázase, en calquera xogo, mediante carreira coordinada.• Emprega na actividade corporal a habilidade de xirar sobre o eixe lonxitudinal e transversal para aumentar a competencia motriz.• Anticípase á traxectoria dun obxecto realizando os movementos axeitados para collelo e golpealo.• Participa nas actividades físicas axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.• Ten conciencia da importancia da actividade física e unha alimentación equilibrada para a mellora da saúde.• Colabora activamente e con boa actitude no desenvolvemento das actividades propostas.• Cumpre as regras da aula: respecto aos compañeiros/as, ao material de aula e rutina de hixiene persoal.• Pariticipa activamente en traballos e probas nas que se avaliarán os contidos teóricos que se tratan ao longo do curso.
--	--	--	--

INGLÉS 4º PRIMARIA

- Comprende a idea principal de textos escritos sinxelos e discrimina a información máis importante.
- Expresa información oral de maneira sinxela utilizando expresións e vocabulario dados previamente.
- Elabora textos escritos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado con temas propios de situacións de relación interpersoal.
- Responde de forma escrita e coherente, a preguntas sobre temas traballados na clase.
- Pregunta e responde oralmente para dar e obter información en interaccións cotiás.
- Mostra unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.

MÚSICA 4º PRIMARIA

Escoita-interpreta-movemento e danza

- **Interpretación vocal**
 - Sabe cantar de memoria a estrofa e o retrouso respectando o pulso e entoando adecuadamente ampliando o rexistro.
- **Interpretación instrumental**
 - Le e toca partituras no ámbito da 8ª coa placa

			<ul style="list-style-type: none">- Le, toca e crea partituras rítmicas para tocar en PAI, PAD ou co propio corpo.- Domina a interpretación da frauta coa man esquerda e toca partituras coas primeiras posicións da man dereita.- <p>Sons fortes e suaves, longos e curtos, agudos e graves</p> <ul style="list-style-type: none">- É quen de facer ditados melódicos de 8ª ata semicorcheas en compás binario e ternario. <p>Identificar instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none">- Diferenza case todos os instrumentos traballados e clasifícalos nas subfamilias <p>Grafía musical</p> <ul style="list-style-type: none">- Escribe e le as figuras e notas no pentagrama ampliando o rexistro de 8ª <p>Audicións</p> <ul style="list-style-type: none">- escoitar atenta e activamente participando nas tarefas propostas lembrando o repertorio de cancións e obras musicais traballadas.
--	--	--	--

			<p>Movement e Danza</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participar activamente na actividade respectando aos compañeiros /as e realizando correctamente os pasos coñecendo puntos ou pasos básicos dos bailes e danzas traballadas. <p>TIC</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñece, investiga e utiliza distintas aplicacións para mellorar os ámbitos musicais traballados.
5ºEP	<p>Promoción automática</p> <p>O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.</p>		Promoción automática
6ºEP	<p>Ao finalizar o curso, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre la</p>	<p>O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos naturais, facendo predicións sobre os sucesos naturais; integrando datos de observación directa e indirecta a partir da cultura de fontes

	<p>promoción tendo en conta os criterios de promoción e tendo en especial consideración a consideración do/a titor/a .</p>	<p>recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.</p> <p>O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforz.</p>	<p>directas e indirectas, e comunicando os resultados en diferentes soportes.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. • Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos. • Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo. • Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e das demais. • Comprender e producir distintos tipos de textos adaptados á idade e á intención comunicativa con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación. Valorando a
--	--	--	---

			<p>importancia de aplicar os coñecementos lingüísticos para favorecer unha comunicación eficaz.</p> <ul style="list-style-type: none">• Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información e considerala como un medio de aprendizaxe e enriquecemento persoal de máxima importancia.• Valorar a análise de diferentes situacións e elementos matemáticos aplicadas á vida cotiá, a partir das cales realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.• Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).• Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.• Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
--	--	--	--

			<ul style="list-style-type: none">• Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.• Recoñecer as emocións propias e dos demais, utilizando a escoita e a empatía; participando na vida cívica do centro respectando os dereitos e igualdade de todos os membros do mesmo, favorecendo o traballo cooperativo.• Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.• Valorar a importancia das diferentes expresións artísticas en calquera formato, creando as súas propias e respectando as dos demais. <p>EF 6º PRIMARIA:</p> <ul style="list-style-type: none">• Coñecemento, adaptación e adecuación ao espazo.• Axusta o ritmo dos desprazamentos a estímulos sonoros.• Coordina a velocidade a dos compañeiros/as e obxectos en movemento.
--	--	--	---

			<ul style="list-style-type: none">• Realiza percorridos conducindo obxectos coa man e co pé.• Control corporal en multisaltos en altura e lonxitude.• Realiza xiros en distintas posición con control postural e equilibrio no seu desenvolvemento.• Realiza conducións, transportes, lanzamentos e recepcións de distintos elementos e distintas situación, de xeito coordinado.• Realiza xogos de iniciación deportiva e práctica dalgúns deportes demostrando un grao aceptable das habilidades e destrezas, así como o coñecemento e aceptación do reglamento dos mesmos.• Realiza traballos e probas escritas nas que se avaliarán os contidos teóricos tratados ao longo do curso (capacidades físicas, aparato locomotor, reglamentos dos deportes, hábitos saudables, primeiros auxilios) <p>INGLÉS 6º PRIMARIA</p> <ul style="list-style-type: none">• Comprende mensaxes orais e transaccións habituais.• Elabora presentacións breves e sinxelas sobre temas cotiás ou do seu interese, usando estruturas dadas e pronuncia comprensible.• Entende textos escritos sendo capaz de extraer a información que se lle pide.• Escribe frases e textos sinxelos utilizando estruturas e vocabulario dados.
--	--	--	--

			<ul style="list-style-type: none">• Participa de forma activa nas diferentes situacións comunicativas.• Amona interese e respecto polas intervencións dos compañeiros así como pola lingua estranxeira e os seus aspectos culturais. <p>MÚSICA 6º PRIMARIA</p> <ul style="list-style-type: none">• <u>Interpretación vocal</u><ul style="list-style-type: none">- Sabe cantar de memoria a estrofa e o retrouso respectando o pulso e entoando adecuadamente ampliando o rexistro e mesmo a voces.• <u>Interpretación instrumental</u><ul style="list-style-type: none">- Le e toca partituras con máis de rexistro de 8ª na placa e na frauta, introduce os bemois, díese e becadros na frauta e placa.- É quen de participar nun proxecto interpretativo grupal, de creación propia ou allea, con P.C., PAI, PAD ou frauta <p>Sons fortes e suaves, longos e curtos, agudos e graves</p> <ul style="list-style-type: none">- É quen de facer ditados melódicos de 8ª ou 5ª con contratempos en compás binario ternario
--	--	--	--

			<p>ou binario de subdivisión ternaria.</p> <p>Identificar instrumentos</p> <ul style="list-style-type: none">- Coñece as subfamilias e clasifica nelas tódolos instrumentos traballados durante a primaria, así como as voces humanas. <p>Grafía musical</p> <ul style="list-style-type: none">- Escribe e le as figuras e notas no pentagrama excedendo claramente o rexistro de 8ª- Coñece signos de ampliación da duración, como puntiño e ligadura.- Entende e escribe as notas alteraradas e os signos de repetición.- Crea partituras para interpretar en PAI, PAD, co corpo ou ca fruta, de xeito individual ou en grupo <p>Audicións</p> <ul style="list-style-type: none">- escoitar atenta e activamente participando nas tarefas propostas. É quen de escoller, analizar e expoñer unha audición aos compañeiros/as
--	--	--	--

			<p>Movemento e danza:</p> <ul style="list-style-type: none">- Participar activamente na actividade respectando aos compañeiros /as e realizando correctamente os pasos coñecendo puntos ou pasos adquirindo un amplo repertorio de bailes e danzas, entre elas a muiñeira.- É quen de participar nun proxecto grupal no que imita, interpreta ou crea puntos de baile tradicional galego ou doutros lugares e ensínaos aos compañeiros/as. <p>TIC</p> <ul style="list-style-type: none">- É quen de participar nun proxecto grupal no que imita, interpreta ou crea puntos de baile tradicional galego ou doutros lugares e ensínaos aos compañeiros/as.- É quen de manexar o Audacity para realizar gravacións e edición de audio.- Coñece, investiga e usa diferentes aplicacións para mellorar os diferentes ámbitos da música
--	--	--	---